


Agal rinde homenaxe a Carvalho Calero no segundo aniversario do seu pasamento

SANTIAGO. Redacción

“Se no século XIX Rosalía, no XX Alexandre Bóveda, posteriormente Castelao e máis próximo a nós, don Ricardo Carvalho Calero, tomaron a mensaxe que lle deixaron os seus antepasados, tamén hoxe aquí na Galiza xentes que xa estamos na metade da nosa idade, e moitos xoves, están a emprender esa tarefa nunca acabada pola nosa lingua. Unha tarefa que é moi mal vista por todo ese poder corrupto, asqueroso e miserábel que nos goberna desde as institucións políticas e académicas”, dixo a presidenta da Asociación Galega da Lingua (Agal), María do Carmo Henriques, no acto que tivo lugar onte en Boisaca con motivo do segundo aniversario da morte do egrexo lingüista galego.

Unha treintena de persoas, entre as que se atopaban as dúas fillas do profesor e catedrático da Universidade de Santiago, Victoria e Margarida Carvalho, e representantes de Agal de distintos concellos galegos e da Asamblea Reintegracionista *Bonaival*, estiveron presentes no acto “en lembranza dun grande de Galiza”.

“Nun acto onde”, segundo Henriques, “un grupo de galegos, discípulos de don Ricardo vimos a Compostela coa nosa humildade e cariño por Galicia e por aquelas persoas que souperon entregar á terra o máis nobre que pode dar



A presidenta da Asociación Galega da Lingua, María do Carmo Henriques, presidiu o acto que tivo lugar en Boisaca

unha persoa: o seu exemplo, sacrificio, integridade e tamén, en certa medida, a súa vida”.

A pesares de estar anunciada a presenza do membro de honor de

Agal, Jenaro Marín del Valle, éste non puido asistir ó acto polo que foi a presidenta desta asociación quen, diante da tumba do insigne escritor, leu un poema do li-

bro *Cantigas de Amigo*, con textos producidos entre 1980 e 1985, moitos deles inéditos, que recollen vivencias “persoais e colectivas” de Carvalho Calero.